



CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN DE ESCRITORAS E ESCRITORES EN LINGUA GALEGA (AELG) PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN DO LIBRO E A LECTURA NO ANO 2025

En Santiago de Compostela

REÚNENSE:

Dunha parte, a consellería de Cultura, Lingua e Xuventude (en adiante, "a Consellería") e no seu nome e representación, José López Campos, en virtude do seu cargo de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, para o que foi nomeado polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia e o artigo 2 da Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se publica o acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991.

Doutra, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega, con NIF G15039936, (en adiante a AELG) e no seu nome e representación, Cesáreo Sánchez Iglesias, na súa condición de presidente, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos.

As dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que detentan, se recoñecen reciprocamente capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio de colaboración e, en consecuencia,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A AELG é unha entidade sen fin de lucro que foi fundada no ano 1980 por algúns dos escritores/as máis sobranceiros da nosa historia literaria: Álvaro Cunqueiro, Rafael Dieste, Ánxel Fole, Ricardo Carvalho Calero, Uxío Novoneyra, Antón Avilés de



Taramancos, Manuel María, Xela Arias e Luisa Villalta, entre outros. Na actualidade, a entidade reúne a máis de 415 escritores/as da literatura galega en todas as súas manifestacións: poesía, narrativa, teatro, ensaio, tradución...

A AELG ten como finalidade a dignificación do oficio de escritor/a, así como a promoción dos autores/as das súas obras, do fomento da interconexión e intercambio entre eles e con outros profesionais, proporcionando foros para o debate das ideas cunha perspectiva monográfica e transversal.

Para o cumprimento destes fins, a AELG conta coa seguinte programación: Gravación de entrevistas para a sección "Mestras/es da Memoria"; mantemento da sección "Palabras con Memoria" da web da AELG; organización de obradoiros de creación literaria a través da "Escola de Escritoras e Escritores" e de colaboración con FANPA; entrevista loga a un escritor/a de recoñecida traxectoria; Tres sesións de gravación de entrevistas e fotografías a socios/as e subida á web dos contidos obtidos; homenaxe a un escritor/a dentro da actividade "O/a escritor/a na súa terra".

Mestras/es da Memoria é un proxecto da sección de literatura de tradición oral da AELG, iniciado en 2010, que nos introduce na casa daqueles/as informantes especialmente valiosos/as en literatura de tradición oral, auténticas minas de coñecemento.

"Palabras con memoria" é unha iniciativa cuxo obxectivo é recuperar palabras en desuso, ou sexa, en perigo de extinción. E tamén palabras e expresións que non recollen os dicionarios. Na actualidade, o glosario conta con 1.660 palabras co fin de reintroducilas no vocabulario cotián e obter dos lectores/as máis palabras en risco de desaparición. A iniciativa conta cunha unidade didáctica pensada para alumnado de 3º, 4º da ESO e Bacharelato, orientada fundamentalmente cara ao estudo do léxico e, tamén, cara á compilación de unidades vocabulares.

"Entrevista longa" é unha gravación de cada escritor/a nun ambiente cómodo e que lle permita falar demoradamente da súa traxectoria literaria e da súa biografía. De modo que se poida obter un pequeno documental de aproximadamente unha hora por autor/a, coa intención de que supoñan un documento valioso que resuma a súa obra e ofrezca valoracións das personalidades sobre a creación, a cultura e o pensamento en xeral.

A Escola de Escritoras/ es da AELG [<http://www.aelg.gal/GoToWritersSchool.do>] é unha iniciativa desta entidade que centra os seus esforzos en impartir obradoiros con formatos e destinatarios diversos, nos que se abordan diferentes xéneros literarios e contidos e nos que se aposta pola creación, pero tamén pola promoción da lectura como elemento necesario para o feito creador.

Trátase dunha iniciativa que, cos autores/as como guías, ten o obxectivo de transmitir a experiencia apaixonante do acto creador, tentando concienciar á sociedade do imprescindible que é a estimulación creativa na escrita e o seu papel complementario na formación do individuo.

Actitudes

1. Valoración do feito literario como produto lingüístico, estético e sociocultural.
2. Afección pola lectura de textos literarios de diferentes xéneros e épocas, utilizando criterios propios de selección, interpretación e valoración.
3. Interese polo uso das bibliotecas e respecto polas normas que rexen a súa utilización.





4. Interese e gusto por transmitir as propias ideas, experiencias e sentimentos a través da creación literaria propia, explotando as posibilidades expresivas, estéticas e lúdicas da lingua. Interese por expresar as propias ideas, sentimentos e fantasías mediante diferentes formas literarias.

5. Respeto e valoración ante as producións literarias propias e alleas.

Desenvolverase durante 10 semanas a razón dunha sesión semanal de dúas horas, para un total de 20 horas lectivas, o que permite a conformación dun grupo de traballo estábel e de apoio mutuo, á vez que se reforza o seu vínculo.

Escola de Escritoras e Escritores da AELG : Obradoiro de creación literaria na provincia de Pontevedra . Neste caso realizarase un obradoiro con parecidos obxectivos pero cun formato máis breve, en colaboración coa organización do Certame de Relato Curto, promovida pola FANPA Pontevedra (nontedurmas.org), organización do ámbito educativo composta polas asociacións de nais e pais.

Tres sesións de entrevistas a Socios/as da AELG para fornecer contidos audiovisuais ao Centro de Documentación de Escritores e Escritoras da web da AELG .

Esta entidade conta cunha plataforma exclusiva para a difusión da obra dos autores-as, o Centro de Documentación, <http://www.aelg.gal/Centrodoc/MainPage.do> que permite ofrecer contidos relacionados coa traxectoria literaria dos Socios e Socias da AELG; estes contidos inclúen documentación dixitalizada, biografía, bibliografía, webs persoais, materiais didácticos, fototeca e videoteca, tanto de lectura de obras propias ou doutros autores-as, como de entrevistas persoais aos nosos escritores-as.

A homenaxe "Escritor na súa Terra" , pretende honrar a escritores e escritoras cunha dilatada carreira literaria, dándolle un protagonismo especial a personalidades relevantes da literatura galega entre a súa propia veciñanza. Preténdese realizar así mesmo, un estudo divulgativo da obra do autor/a que sirva para contextualizar, difundir e poñer en valor a súa inmensa obra literaria. A concesión desta distinción implica o nomeamento como Socio/a de Honra da Asociación que se sinala coa entrega da escultura "letra E".

Con este convenio asegúrase a realización de diversas manifestacións da cultura galega levadas a cabo por entidades que a queren dar a coñecer, mediante a súa promoción dentro e fora do noso país, coa organización de actividades que permitan un maior coñecemento dela.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- OBXECTO

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a AELG para a realización de diversas actividades culturais de promoción do libro e a lectura e contribuír nos gastos de funcionamento da asociación durante o ano 2025.

SEGUNDA.- ACTUACIÓNS

As actuacións obxecto do presente convenio son:





1. -Gravación dunha entrevista de longa duración a un/unha informante de literatura de tradición oral para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG. Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcripción dos contidos e subida á web.
2. -Mantemento da sección "Palabras con Memoria", da web da AELG. Inclúe preparación lotes de publicación en xornal.
- 3.-Entrevista longa a un/unha autor/a que inclúe unha gravación sobre a súa traxectoria literaria e da súa biografía para obter un documental de aproximadamente unha hora de xeito que resuma a súa obra e ofrezca valoracións sobre a creación, a cultura e o pensamento en xeral.
- 4.-Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria.
- 5.-Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia de Pontevedra FANPA.
- 6.-Tres sesións de gravación de entrevistas e fotografías a socios/as da AELG e subida á web dos contidos obtidos.
- 7.-O Escritor na súa Terra - Letra E.

Estas actuacións realizaranse de conformidade a desagregación dos gastos que se recollen no Anexo I.

TERCEIRA.- XUSTIFICACIÓN DA NON CONCORRENCIA

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto a AELG é a entidade encargada de promocionar os autores/as da literatura galega e as súas obras en todas as súas manifestacións (poesía, narrativa, teatro, ensaio, escrita científica, traducións, entre outras) aglutinando na actualidade a máis de 490 escritores/as e sendo a asociación representativa dos autores en lingua galega.

Por todo o anterior a AELG é a entidade que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro do previsto nese plan.

CUARTA.- COMPROMISOS DA CONSELLERÍA. FINANCIAMENTO

A Consellería, para o cumprimento das actuacións previstas neste convenio, comprométese a achegar á AELG a cantidade de 15.000 € como contribución para os gastos de funcionamento da asociación e para a realización de diversas actividades culturais de promoción do libro e a lectura durante o ano 2025, que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia do presente convenio. Esta cantidade librarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2025, co código de proxecto 2015 00372:

-13.03.432B.481.2: 5.000 €

-13.03.432B.781.1: 10.000 €

Os gastos de funcionamento son subvencionables si están directamente relacionados coa actividade a subvencionar e son indispensables para a execución da actividade.

Segundo o disposto no artigo 63 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a



Consellería poderá realizar pagamentos anticipados que suporán achegas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio. A cantidade máxima que se achegará como pago anticipado será de 9.000 €, 4.000 € que corresponderá aos gastos de funcionamento da AELG e 5.000 € que corresponderá aos gastos derivados das actuacións de carácter cultural, nun único anticipo. O segundo pagamento da cantidade restante non se realizará ata que estean integramente xustificadas a totalidade dos gastos correspondentes á actividade subvencionada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o artigo 65.4.i) recolle que quedarán exonerados da constitución de garantía os beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

No caso de que a AELG solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

QUINTA.- COMPROMISOS DA AELG

A AELG comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

A AELG comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual– a colaboración da Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo, a AELG deberá dar cumprimento as obrigas de publicidade que se establecen no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e artigo 20,1 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei de subvencións.

A AELG comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tal como se recolle no apartado d) deste artigo, a AELG ten a obriga de comunicar a obtención doutras axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, Regulamento de subvencións de Galicia. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A AELG ten a obriga de prestar colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas, así como presentar a avaliación de resultados que figura na estipulación décimo segunda.

SEXTA.-COMPATIBILIDADE

A obtención desta axuda é compatible coa obtención doutras axudas, subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera outra Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100% do custo da actividade a desenvolver, que figura no convenio.





SÉTIMA.- COMPROBACIÓN DE DATOS

Para a tramitación deste convenio consultaranse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

–Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.

–Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.

–Certificado acreditativo de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

No caso de opoñerse a esta consulta, deberán indicalo expresamente e, ao mesmo tempo, achegar os documentos oportunos. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

Así mesmo, de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, o beneficiario deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do citado artigo. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada pola subdirectora xeral de Bibliotecas e do Libro da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e polo presidente da AELG, ou persoas en quen deleguen.

Serán funcións da devandita Comisión a coordinación e seguimento das obrigas das partes no presente convenio e a resolución dos problemas de interpretación e cumprimento que poidan proporse con respecto ao convenio.

NOVENA.- GASTOS SUBVENCIONABLES. XUSTIFICACIÓN

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data límite de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida, é o 30 de novembro de 2025.

1-Serán subvencionables aqueles gastos que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionada. En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As nóminas presentadas como xustificación deberán corresponder ao período de realización das actividades e na proporción na que realmente se dedique as mesmas.

2-De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación considerarase gasto realizado durante o ano 2025 o que foi efectivamente pagado con anterioridade a data de finalización do prazo de xustificación da axuda, que respondan, en todo caso, á natureza da actividade subvencionada.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta cidadá da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.gal/a-mina-sede>





A AELG presentará electronicamente a xustificación da subvención dentro do prazo establecido e incluírá a seguinte documentación:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Informe de dedicación do persoal propio da entidade ao obxecto do convenio, indicando a proporción da nómina que corresponde a actividade ou o número de horas vinculadas ao proxecto.
3. Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 - Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, importe, data de emisión e data de pagamento.
 - As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior, e a documentación acreditativa do pagamento.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades. O importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada. Cando a Consellería advirta un exceso de financiamento, minorará a subvención na parte proporcional. En caso contrario procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente. No caso de que a AELG non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De acordo co disposto no artigo 30.1 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, a Consellería comprobará a adecuada xustificación da subvención, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión da subvención.

DÉCIMA.- PARTICIPACIÓN DOS COLABORADORES

O asinamento deste convenio non implica relación laboral, contractual ou de calquera outra índole entre os profesionais que vaian desenvolver as actividades previstas e a Xunta de Galicia, de tal xeito que a esta non se lle poderá esixir responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento do convenio.

DÉCIMO PRIMEIRA.- PUBLICIDADE

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificadores das persoas asinantes.

Así mesmo, a AELG, acepta e consinte a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de conformidade co establecido no artigo 5 do Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.





De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

DÉCIMO SEGUNDA.- AVALIACIÓN DE RESULTADOS

Co fin de valorar os resultados finais en relación aos fondos públicos, unha vez presentada a xustificación, ou xunto con ela, en todo caso antes do 31 de decembro de 2025, a AELG deberá enviar unha avaliación dos resultados obtidos nas actividades obxecto do convenio de acordo coas indicacións dadas pola Consellería.

DÉCIMO TERCEIRA.-CAUSAS DE RESOLUCIÓN E MODIFICACIÓN

As partes poderán denunciar ou modificar o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para rescindilo, quedando automaticamente anulados todos os dereitos correspondentes sobre o obxecto do programa de colaboración conxunta, pero non así as obrigas contraídas no mesmo.

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando conorra algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por transcurso do prazo de vixencia do presente convenio.

O convenio poderá ser obxecto de modificación de conformidade co establecido no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, cando a modificación teña como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira. Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

DÉCIMO CUARTA.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento, Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO QUINTA.-VIXENCIA

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025.





DÉCIMO SEXTA. CONSENTIMENTO DAS PARTES EN MATERIA DE PROTECCIÓN DE DATOS.

As persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que os seus datos persoais que aparecen neste e máis o resto de especificacións nel contidas poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as persoas asinantes deste convenio manifestan o seu consentimento para que as súas rúbricas consten nas copias que se remitan para a súa publicación no referido portal.

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica do tratamento dos datos persoais.

Para o cumprimento da finalidade deste convenio, cada unha das partes declara e garante que, con anterioridade á subministración á outra parte de datos persoais de calquera persoa física involucrada na sinatura deste convenio ou no seu desenvolvemento, informará as persoas interesadas de forma lícita, leal e transparente das garantías sobre política de protección de datos persoais incluída no presente documento, e tamén doutros requisitos que puidesen ser de aplicación para a correcta cesión dos seus datos persoais á outra parte. Para tales efectos, as páxinas webs das partes asinantes deste acordo <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos> e <https://www.aelg.gal/> conteñen información relativa ao tratamento dos datos persoais e o modo en que poden exercer os seus dereitos, o contacto cos delegados ou delegadas de protección de datos e demais aspectos esixidos pola normativa vixente no que se refire aos dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición, así como aos dereitos de transparencia da información, de supresión, limitación, portabilidade ou reclamación.

Os datos persoais conservaranse durante o tempo necesario para o cumprimento da finalidade obxecto deste convenio e, con posterioridade ao remate da súa vixencia, polo tempo de prescrición das accións legais correspondentes para a tutela do dereito á protección de datos persoais. Os datos destruíranse logo de que transcorra o referido prazo de prescrición.

As partes non lles cederán a terceiros os datos persoais tratados ao abeiro deste convenio, agás aqueles que sexan estritamente necesarios para publicar a identidade páxinas web, nos taboleiros de anuncios, nas redes sociais ou nos medios de comunicación que ambas as dúas partes asinantes determinen.

Os representantes das partes asinantes e demais titulares dos datos tratados ao abeiro deste convenio poderán exercer os seus dereitos de acceso, oposición, rectificación, supresión e limitación mediante o envío dunha petición razoada dirixida á sede da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude en Santiago de Compostela (Edificio Administrativo de San Caetano, s/n), ou no seu enderezo electrónico <https://www.xunta.gal/exercicio-dos-dereitos> . Así mesmo, as persoas interesadas que consideren lesionado o seu dereito á protección de datos poderán presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (www.agpd.es).

DÉCIMO SÉTIMA.-NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que





este obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO OITAVA.- POSIBILIDADE DE DESISTENZA DO CONVENIO

A Administración da Comunidade Autónoma poderá desistir da tramitación deste convenio.

Este convenio obriga ás partes que o asinan ao seu cumprimento, e ambas as dúas sométense ao acordado en todas as estipulacións. Esténdese en duplicado exemplar, no lugar e data arriba indicados.

Conselleiro de Cultura, Lingua e
Xuventude

Presidente da Asociación de
Escritoras e Escritores en Lingua
Galega

José López Campos

Cesáreo Sánchez Iglesias





ANEXO I

Gravación dunha entrevista de longa duración á un/unha informante de literatura de tradición oral para a sección Mestras/es da Memoria da web da AELG. Inclúe edición de vídeo, catalogación, transcripción dos contidos e subida á web.	3.804,03€
Mantemento da sección "Palabras con Memoria", da web da AELG. Inclúe preparación lotes de publicación en xornal dixital.	1.000,00 €
Entrevista longa	500,00 €
Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria.	1.829,34 €
Escola de Escritoras e Escritores da AELG: Obradoiro de creación literaria na provincia de Pontevedra FANPA.	400,00 €
Tres sesións de gravación de entrevistas e fotografías a socios/as e subida á web dos contidos obtidos.	5.910,87 €
O Escritor na súa Terra - Letra E	9.600,72€
Total	23.044,96€

